

Os empresarios de Pontevedra e o norte de Portugal estudan denunciar ao Gobierno luso se prospera o sistema de cobro con telepeaxe nas autovías do país veciño

- Opóñense á recaudación pero, se non se puidese evitar a medida, demandan que non se aplique ao tráfico de mercadorías, aos traballadores que a diario cruzan o río Miño e ás empresas alí instaladas.
- Afirman que loitarán pola Eurorexión e que a decisión tomada polo Goberno de José Sócrates condicionará o crecemento empresarial e os investimentos en Portugal

Vigo, 08-07-2010.- Os representantes empresariais da provincia de Pontevedra e o presidente da Associação Empresarial de Viana Do Castelo expresaron hoxe de maneira oficial e conxunta o seu rexeitamento á proposta do Executivo portugués de impor peaxes nas autovías do norte e centro do país, unha medida que se discutirá mañá na Asamblea lusa. Todos coincidiron nas graves consecuencias que esta medida tería para as empresas, o comercio e o turismo de ámbolos márxes do río Miño.

José Manuel Fernández Alvariño, presidente da CEP; José García Costas, presidente da Cámara de Comercio de Vigo; José Manuel Seoane García, vicepresidente 2º Cámara de Comercio de Pontevedra; Gumersindo Alonso, presidente da Cámara de Comercio de Tui; Carlos Oubiña Portas, presidente da Cámara de Comercio de Vilagarcía, e José Luís Ceia, presidente da Associação Empresarial de Viana Do Castelo, mostráronse partidarios de tomar “todas as medidas que poidamos ao máximo nivel” para que a decisión non se leve adiante.

Neste sentido, Fernández Alvariño sinalou que os empresarios están estudando denunciar ao Gobierno luso se finalmente prospera o cobro co sistema de telepeaxe. Así, os empresarios consideran “inconstitucional” que un país da Unión Europea non admita unha moneda de curso legal para realizar un pagamento. O colectivo oponse no só ao sistema senon tamén ao propio cobro, xa que se trata dunha medida “discriminatoria con respecto a outras rexións do país veciño”. Ademais, cren que se trata dun “paso atrás” no desenvolvemento empresarial da zona e recordan que o Plan de Mobilidade da Eurorexión avoga polo tránsito libre.

Para os empresarios, a posta en marcha de este gravamen suporá unha importante perda de competitividade empresarial. Alvariño deu algúns exemplos recordando que máis de 100 empresas galegas están instaladas en parques empresariais portugueses, que o 51% das mercadorías con destino a España dende Portugal entraron o pasado ano por Galicia ou que o 65% das mercancías trasportadas por estradas no norte luso se cargan en Galicia, entre outros moitos.

Na actualidade existen tres maneiras de chegar a Oporto dende Valença de Minho: a autopista A3 que percorre unha distancia de 112 km (1 hora de traxecto) e cuxo coste ascende a 15,10 euros ida e volta; a autovia A-28 que percorre unha distancia de 126 km (1 hora 24 minutos de traxecto) e que pasará a incrementar a súa costa actual e a N13, que triplica a duración da viaxe (2 horas 45 minutos), ten un alto índice de sinestralidade e percorre 128 km.

Sobre estas alternativas, o presidente da Cámara de Comercio de Vigo, José García Costas recordou que os camións no poden circular por esta última infraestrutura e que na actualidade a maioría das empresas evitan a A3 polo seu elevado custo.

Discriminación positiva

García Costas recordou que, aínda que se opoñen ao cobro do peaxe, os empresarios non poden decidir o que dictamina o Goberno luso, polo que se finalmente se aproba esta medida, demandan que non se aplique a todo o movemento que hai dende o punto de vista industrial (empresas, mercadorías e traballadores). O responsable da institución cameral viguesa explicou que son moitas as empresas auxiliares instaladas en Portugal que serven á factoría viguesa PSA- Peugeot- Citroën.

Nesta mesma liña continuou dando exemplos o presidente da Cámara de Comercio de Tui, Gumersindo Alonso, quen argumentou que o Porto de Vigo funciona como infraestrutura prioritaria para a entrada de mercadorías, como o granito que ten como destino Portugal. Igualmente lle ocorre ás empresas galegas cuxa entrada de mercadorías se realiza a través do Porto de Leixoes.

Unificación de sistemas

Os empresarios demandaron tamén a unificación do sistema de telepeaxe proposto polo Goberno luso, xa que na actualidade é incompatible co do resto da Unión Europea. Todos coincidiron nesta necesidade, de xeito que poida viaxarse por toda Europa con un único sistema. En calquera caso, matizaron, ese sistema sólo sería aceptable nas autoestradas, pero non nas autovías que non teñan alternativa gratuita.

Turismo

Outro dos aspectos destacados polos empresarios ante a entrada en vigor de estas medidas foron o sector comercial e o turismo. I é que son moitos os cidadáns galegos que viaxan a Oporto e aos seus arredores a realizar as súas compras (Ikea e os centros comerciais). No que ao turismo se refire, o colectivo explicou que Portugal é un destino turístico de proximidade, polo que haberá menos galegos que se despracen ao país veciño os fins de semana. A obrigación do uso do chip dificultará tamén estes viaxes esporádicos, xa que se considera difícil que os automobilistas se presten a comprar ou alugar os dispositivos. Finalmente, recordaron que cada vez son máis os galegos que



Cámara
Vigo

Cámara
Pontevedra

Cámara
Tui

Cámara
Vilagarcía de Arousa



recorren ao aeroporto de Sá Carneiro polas súas conexións internacionais. Así, calcúlase que o pasado ano 420.000 galegos utilizaron este aeroporto.